



# *lanzadeXras*

*tema 6: creatividade*

*módulo 23*

*lóxica*



XUNTA  
DE GALICIA



tema 6: *creatividade*  
**módulo 23**  
semana 6 | día 3

*lanzadebras*



lánzate á aventura de emprender

*índice do módulo*

### ÍNDICE TEMÁTICO

*semana 1 | identidade*

*semana 2 | persoas*

*semana 3 | habilidades*

*semana 4 | estratexia*

*semana 5 | mercadotecnia*

*semana 6 | **creatividade***

*semana 7 | xestión*

*semana 8 | marca persoal*

*semana 9 | comunicación*

### ÍNDICE MODULAR

*módulo 21 | obxectiva*

*módulo 22 | paixóns*

*módulo 23 | **lóxica***

*módulo 24 | brotes verdes*

### ÍNDICE DO MÓDULO

*resumo teórico | páxina 04*

*exemplo | páxina 08*

*videotutorial | páxina 09*

*GramolaEmprendedora*



Escoita  
**Una mente maravillosa**  
BSO



NO CAMIÑO DO EMPREDEMENTO, VOSTEDE ESTÁ AQUÍ





tema 6: *creatividade*

**módulo 23**

semana 6 | día 3

**lanzadeiras**



o imprescindible para lanzarse á piscina

## *resumo*

Obxectividade, paixóns e lóxica: o tridente da creatividade. Analizar con obxectividade, controlar as paixóns e equilibrar a lóxica. De que vai isto último?

Todos temos ese anxo e ese diaño que nos falan desde ombreiros opostos cando nos enfrontamos a un dilema. O primeiro empéñase en lembrarnos os perigos e advertirnos das súas consecuencias. O segundo réstalles importancia e anímanos a vivir a vida a lume de biqueira e sen límites. Esta metáfora exemplifica a dicotonomía á que nos enfrontamos cada vez que aplicamos a un problema dous niveis de lóxica: a lóxica negativa e a positiva.

O pensamento lóxico negativo, típico da xente pesimista, fai tirar de lóxica para poñerse no peor dos escenarios, acumulando e concentrando todas aquelas experiencias que, pola súa carga negativa, nos deprimen, nos fan ser alleos e nos convidan a pensar que se algo pode saír mal, sairá mal. É a base da famosa Lei de Murphy, que explica por que sempre unha torrada cae polo lado da manteiga. Alguén equilibradamente lóxico preguntárase: sempre? Pois sabe que, en ocasións, a realidade evidencia que esta afirmación non é certa. Pero o lóxico negativo concluirá, sen o menor indicio de dúbida: sempre! É pesimista por natureza!

Enfrente: o pensamento lóxico positivo, típico dos optimistas, fai botar man da lóxica para situarse sempre no máis idílico dos escenarios, compilando e atesourando todas





tema 6: *creatividade*  
**módulo 23**  
semana 6 | día 3  
*lanzade bras*



o imprescindible para lanzarse á piscina

## *resumo*

aquelas experiencias que, pola súa carga positiva, nos animan, nos enchen de enerxía e nos convidan a pensar que se algo pode saír ben, seguro que sairá ben. É a antilei de Murphy. A torrada que sempre cae polo lado limpo e impoluto.

E ti de quen es? Lóxico positivo ou negativo? A clave está en equilibrar ambas as lóxicas, contraponendo as probabilidades de que o escenario positivo desprace o negativo ou viceversa. Isto é, o realmente importante é conseguir ser lóxico realista.

Pois ben, analizada a realidade, con obxectividade, controladas as paixóns e razoado o mundo con lóxica realista, é a hora de malgastar a nosa creatividade tratando de innovar, ocupando e copando nichos e océanos azuis que se enchen como un pulmón que nos dá osíxeno e ás para construír unha realidade cambiante, nova e mellorada. Poñémonos a bata de laboratorio?



tema 6: *creatividade*

**módulo 23**

semana 6 | día 3

*lanzadebras*

aprender do que outros fixeron con mestría

*exemplo*



### **PANDA SOFTWARE**

Panda software é unha empresa multinacional de seguridade informática española. Os seus fundadores foron adaptando a empresa ao mercado segundo ían atopando novos retos, seguindo unha lóxica operativa chave.

A súa supervivencia no sector dos antivirus débese á súa capacidade de innovación, á calidade dos seus produtos e a unha potente estratexia de internalización.



**Panda**  
Software



*a hemeroteca de Paula*





tema 6: *creatividade*  
**módulo 23**  
semana 6 | día 3

# lanzadebras

fotogramas que valen máis que mil verbas

## *videotutorial*

### CEREBRO DIVIDIDO

<https://www.youtube.com/watch?v=Q7BqXLE1iqM>



*a videoteca de Alba*

A curtametraxe “Cerebro dividido” ensínanos o resultado de aplicar a lóxica ou a paixón nas nosas accións. Podemos ver como o exceso dunha ou doutra ten consecuencias negativas.

O uso de soamente a lóxica acaba coa nosa creatividade, mentres que o uso de soamente a paixón nos fará fracasar. Finalmente, observamos que a combinación de ambas en cantidades iguais ou xustas nos fará triunfar nos nosos obxectivos. Pois ben, se falamos de creatividade debemos utilizar as dúas para sorprender de forma satisfactoria a audiencia.

